



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela

galicia

Por Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 15 de outubro de 2018 publicáronse as listaxes coas puntuacións definitivas das persoas admitidas, a relación definitiva de persoas excluídas e a relación de persoas adxudicatarias, correspondentes ao período extraordinario, de acordo co previsto no artigo 33 da Orde do 24 de maio de 2018 pola que se convocan prazas de residencia nos Centros Residenciais Docentes da Coruña, Ourense e Vigo para o curso 2018/19 (DOG 109, do 8 de xuño de 2017).

Na relación definitiva de persoas excluídas no CRD da Coruña figura Zenaida Valentín Espíritu por falta de presentación da documentación preceptiva.

Asemade, con data 15 de outubro de 2018, o CRD da Coruña recibe oficio da Xefatura territorial da consellería competente en materia de educación na Coruña, xunto ao que achega o escrito que presentou Zenaida Valentín Espíritu o 5 de outubro de 2018 no Portelo Único Rexistro do Concello de Arzúa, coa documentación requirida.

No presente procedemento, o prazo para emendar deficiencias da solicitude e para achegar a documentación requirida, tal e como indicaba a Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 5 de outubro de 2018 pola que se publicaron a listaxes coas puntuacións provisionais, remataba o día 9 de outubro de 2018.

Revisada a documentación, ponse de manifesto que a interesada achegou a documentación requirida e que o fixo dentro do prazo establecido.

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro reguladora do procedemento administrativo común das Administracións públicas, prevé: “As Administracións públicas poderá, así mesmo, rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seu actos”.

En consecuencia, procede incluir na relación definitiva de persoas admitidas e na relación de persoas adxudicatarias de praza de residencia no CRD da Coruña a:

- Zenaida Valentín Espíritu

Coa seguinte puntuación:

Académica: 6,50

Socioeconómica: 16

Total: 22,5

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2018

Director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

